

# ADDENDA

Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2021/22

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

# Introdución

Os cambios legislativos experimentados nos últimos meses fan necesaria unha revisión da programación presentada ao inicio deste curso que recolla as modificacións aparecidas.

A proba extraordinaria que se viña realizando en setembro desaparece, de igual modo introducíronse cambios respecto á titulación e promoción. Neste sentido, este departamento, como xa viña facendo, seguirá as decisións que foron adoptadas en claustro por maioría e que figuran na páxina web deste instituto.

Polo que respecta á materia de Latín, que depende deste departamento, rexen as mesmas condicións que para Lingua Galega e Literatura.

**Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.**

## **Educación secundaria obrigatoria**

1.- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado.

2.- Para a valoración obxectiva do alumnado promoveremos o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

3.-A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será sumativa, procesual, continua, formativa e integradora.

4.-Ao longo do presente curso realizaremos para cada nivel e grupo tres sesións de avaliación parcial.

4.1A sesión da terceira avaliación parcial do alumnado da ESO realizarase o 6 de xuño de 2022. Deste modo, a última avaliación parcial abranguerá do 22 de marzo ao 6 de xuño.

4.2 A avaliación final comprenderá dende o remate da terceira avaliación ata o día 22 de xuño de 2022.

4.2.1 A cualificación final da materia estará constituída pola media aritmética das tres avaliacións precedentes:

-máis o referido no punto 4.3.1 no caso dos aprobados

-ou a nota do exame para aqueles que deban recuperar.

4.3 O período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final dedicarase a actividades de recuperación ou ampliación.

4.3.1 Para o alumnado que teña superada a materia na súa totalidade, este período poderá ser ponderado positivamente ata un máximo de **1 punto** dependendo dos traballos realizados. As actividades terán como finalidade acadar unha valoración positiva e enriquecedora da nosa lingua, literatura e cultura. Poderá tratarse de exercicios individuais, en grupo ou incluso formando parte dun proxecto interdisciplinar. De calquera das maneiras, estarán adaptadas ao nivel individual e do grupo.

4.3.2 Para o alumnado que teña a materia suspensa total o parcialmente realizaremos actividades de reforzo e recuperación co obxectivo de superar o exame que corresponda en cada caso. Esta proba será similar as realizadas durante o curso e rexerán os mesmos criterios que figuran na programación.

Non haberá proba de lectura dun libro neste período final.

A xefa de departamento,

Marta Arce Babío